

BASES DO “9º CERTAME FOTOGRÁFICO VIAXANDO”

ORGANIZAN: ESPAZO XOVE DE TUI E AS OFICINAS MUNICIPAIS DE INFORMACION XUVENIL DE A GUARDA, O ROSAL, TOMIÑO, BAIONA, GONDOMAR, SALCEDA DE CASELAS E O PORRIÑO

TEMÁTICA

- A temática responderá ao título do certame “**VIAXANDO**”

PARTICIPANTES E FOTOGRAFÍAS

- Participarán en concurso único, mozos e mozas de entre 12 e 35 anos. Cada participante pode presentar unha única fotografía. As fotografías presentadas poderán ser en cor ou branco e negro, presentaranse en papel fotográfico cun tamaño de 20X30, sempre pegadas sobre unha cartolina negra DIN A3.
- A fotografía deberá ser orixinal, inédita e non ter sido premiada nin recoñecida ou seleccionada noutros certames. Asemade, deberán estar libres de dereitos que poidan posuír terceiros.
- As fotografías presentadas nas que aparezan menores de idade concursarán baixo a responsabilidade do autor/a.

FORMA DE PRESENTACIÓN

- A fotografía entregarase en sobre pechado coa indicación VIAXANDO no exterior da mesma. Cada fotografía levará no dorso o pseudónimo do autor/a e o título de dita fotografía. Acompañaranse con outro sobre pechado co pseudónimo do autor/a escrito por fora e, no seu interior, os seguintes datos: o nome e apelidos, enderezo, teléfono e fotocopia do DNI ou tarxeta de residencia.

LUGAR E PRAZO DE ENTREGA

- As fotografías entregaranse nas instalacións do Espazo Xove de Tui a nas OMIX de A Guarda, O Rosal, Tomiño, Baiona, Gondomar, Salceda de Caselas e O Porriño, nos seus horarios de atención ó público. O prazo rematará o 23 de outubro do 2015 .
- Cando a fotografía se presente por correo ou en calquera outro lugar dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o remitente deberá de comunicalo por fax ou correo electrónico ó concello correspondente ou Espazo Xove de Tui, o mesmo día no que a presente.

XURADO E FALLO

- O xurado estará integrado por membros da organización ou persoas nas que se delegue en número impar. O fallo do xurado darase a coñecer nos medios de comunicación, ademais de comunicarse persoalmente ao gañador por teléfono. Dito fallo farase público o 5 de novembro do 2015.

PREMIO

- Concederase un único premio consistente nunha Tablet

EXPOSICIÓN

- Coas fotografías presentadas a concurso realizarase unha exposición itinerante que percorrerá o Espazo Xove de Tui e as OMIX que forman parte deste traballo en rede, inaugurándose oficialmente no Espazo Xove de Tui o luns, 9 de novembro ás 18:00 horas.

DEREITOS PATRIMONIAIS DE EXPLOTACIÓN DA FOTOGRAFÍA PREMIADA

- De conformidade co previsto na Lei de Propiedade Intelectual, o autor da fotografía premiada, sen prexuízo dos dereitos morais que lle corresponden, cede ás Omix que levan a cabo este traballo en rede e o Espazo Xove de Tui co carácter de exclusividade, os dereitos patrimoniais de explotación da fotografía gañadora.

OBRAS NON PREMIADAS

- A presentación dunha fotografía a este concurso supón a autorización expresa da súa reprodución en calquera formato que se estime necesario para a divulgación do concurso ás OMIX e ó Espazo Xove de Tui que forman parte deste traballo en rede, especialmente no referido á súa promoción, difusión, comunicación e exhibición, incluídos exposicións, catálogos e páxinas web.
- As obras non premiadas poderán ser devoltas a petición dos seus autores, sempre pola súa conta entre os meses de outubro a decembro de 2016, perdendo os seus dereitos no caso de non facelo. No caso de solicitar a devolución por axencia de transporte, devolveranse a portes debidos.

ACEPTACIÓN DAS BASES

- A participación neste certame supón a aceptación total das presentes bases e fallo do Xurado. O Xurado queda facultado para dirimir calquera eventualidade non prevista nelas.

- O xurado poderá declarar deserto o premio.